



Expediente **núm.:**
2186/2026

Procedemento: Selección de Persoal e Provisións de Postos

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento para a integración da Bolsa de Traballo de persoal de operarios servizo lixo.

RESOLUCIÓN

Vista a providencia de Alcaldía de data 7 de xullo de 2026, polo que se inicia o expediente de selección de persoal para a integración da Bolsa de Traballo de persoal de operarios servizo de lixo Concello de Foz.

En virtude do artigo 20 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, e do artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Levantar reparo número 28/2026.

SEGUNDO.- Aprobar as Bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

TERCEIRO.- Dar conta desta Resolución á seguinte Xunta Plenaria ordinaria que se celebre.

Mandao e asinao, o Alcalde, Francisco Cajoto Caserío, no Concello de Foz, en data de sinatura, do que eu, como Secretario, asino no exercicio da función de fe pública, de acordo co art. 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

A Secretaria por acumulación,

O ALCALDE,

María Luz Balsa Rábade

Francisco Cajoto Caserio

**BASES PARA A INTEGRACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO DE OPERARIOS
SERVIZO LIXO, PARA A COBERTURA DAS NECESIDADES DO SERVIZO DO
CONCELLO DE FOZ.**

PRIMEIRO.-

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento para a integración da Bolsa de Traballo de operarios servizo lixo do Concello de Foz
Tendo en conta que probablemente sexa necesario contratar persoal de maneira

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: OFKS96Y2CCAETKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 13





inminente para atender as necesidades do servizo de limpeza do Concello de Foz, será necesario recorrer a esta Bolsa de traballo, polo que se entende que a súa creación é urxente e inaprazable.

Funcións:

Recollida do lixo e baleirado dos colectores no camiión
Limpeza e arranxo periódica dos colectores
Colaborar co condutor na limpeza e engraxado do camiión
Apoio no roza, limpeza e sulfatado do entorno dos colectores
Recollida de aveños, aparellos abandonados na vía pública
Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior
En xeral calquera outras tarefas de carácter análogo que por razón do servizo se lles encomenden.

O persoal seleccionado prestará servizos, no Concello de Foz, sendo o seu cometido levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou as concellerías delegadas, que garden relación cos postos a desempeñar e que afecten ao funcionamento do servizo público descrito esencial para a cobertura das necesidades prioritarias, urxentes e inaprazables.

As presentes bases por motivos de urxente contratación de persoal, para cubrir servizos públicos esenciais e evitar deste xeito a dilatación no tempo de ditas contratacións, publicaranse nun Diario de maior difusión da Provincia de Lugo, así como no Taboleiro de edictos da Casa Consistorial, na páxina sede electrónica do Concello de Foz municipal e na sede electrónica do Concello de Foz.

SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

DECRETO
Número: 2026-0547
Data: 15/07/2026

Cod. Validación: OFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 13





TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS E ESPECÍFICOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.

REQUISITOS XERAIS

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

A) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.

- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

B) Estar en posesión da titulación de esixida nos termos sinalados nas presentes Bases.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

C) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 13





no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

D) Ter cumpridos o dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

E) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

F) Posuír coñecemento do idioma galego.

G) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Foz, os/as aspirantes seleccionados/as comprométense a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

REQUISITOS ESPECÍFICOS

OPERARIOS SERVIZO LIXO

Título de Certificado de escolaridade ou equivalente, ou titulación superior .

Acreditación do coñecemento do galego. Celga I senón deberán pasar unha proba ao efecto.

CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Foz e na súa Sede electrónica, ao Sr. Alcalde do Concello de Foz, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases ao Sr. Alcalde-Presidente, no prazo de 10 días hábiles dende a publicación das Bases nun Diario de maior difusión da Provincia de Lugo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo o mail oficinasgenerales@concellodefoz.es, remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo. Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitan este avance ao fax citado.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

DECRETO
Número: 2026-0547
Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 13





QUINTO.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

5.1.- COPIA COTEXADA DO DNI OU PASAPORTE.

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

5.2.- COPIA COTEXADA DA TITULACIÓN ESIXIDA NAS PRESENTES BASES.

5.3.- COPIA COTEXADA DO TÍTULO DE GALEGO.

5.4.- DECLARACIÓN RESPONSABLE SEGUNDO O ANEXO.

5.5.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO (VIDA LABORAL, CONTRATOS, CERTIFICADOS DE EMPRESA, CURSOS..) DEBIDAMENTE COTEXADA.

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse contrato/s de traballo inscrito/s no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal).

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas presentes Bases deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

SEXTO.- TRIBUNAL SELECCIÓN.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que no cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 13





ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A composición do Tribunal será predominantemente técnica e os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas; e estará constituído por:

- 1) Presidente: Un funcionario ou persoal laboral fixo dunha administración.
- 2) Secretario: Un funcionario da Corporación, que actuará con voz pero sen voto.
- 3) Tres Vogais: Entre funcionarios ou persoal laboral dunha administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio do seu discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os/as cales se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A composición do Tribunal de selección publicárase no taboleiro de edictos do Concello de Foz e na súa páxina sede electrónica do Concello de Foz xunto coas datas da realización das probas.

PAGAMENTO DE ASISTENCIAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS MEMBROS DO TRIBUNAL

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 13





Os membros do Tribunal de selección, así como os asesores ou colaboradores que puideran incorporarse a este, so terán dereito, pola súa concorrencia ás distintas sesión que se produzan en distintos días, a percibir as axudas de custo por asistencia de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sempre e cando exista una proba no proceso de selección.

SÉPTIMO.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

Procedemento de selección para as prazas de operarios servizo lixo.- A selección se realizará mediante o sistema de concurso-oposición.

O procedemento de selección dos aspirantes constará de dúas fases diferenciadas, celebrándose en primeiro lugar a fase de oposición, que será previa á de concurso.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma da puntuación obtida en cada fase.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido, realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto

7.2.1. FASE DE OPOSICION (Puntuación máxima 20 puntos)

EXAME PRÁCTICO: constará da realización dun exercicio práctico escrito ou tipo test relacionado co posto de traballo a desempeñar, que acredite a idoneidade dos aspirantes ao posto de traballo ofertado, puntuándose de 0 a 20 e debendo acadarse para aprobar un mínimo de 10 puntos.

PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Consistirá na tradución dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos.

Terá carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que no acrediten antes da súa realización estar en posesión do título CELGA I.

Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

7.2.2. CONCURSO: o Tribunal examinara os méritos presentados polos aspirantes coa instancia e os cualificará con arranxo ao seguinte baremo:

EXPERIENCIA PROFESIONAL, ata un máximo de 4 puntos.

- Por servizos efectivamente prestados en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,06 puntos por cada mes completo de servizo.

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 13





- Por servizos prestados na empresa privada en postos de idénticas e/ou similares características e funcións ao emprego que se opta 0,03 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

A experiencia profesional deberá acreditarse con contratos de traballo ou certificados de empresa indicando posto e duración do contrato (orixinais ou fotocopia autenticada) xunto co certificado da Seguridade Social (informe de vida laboral, orixinal ou fotocopia autenticada).

CURSOS: (hasta un máximo de 1,5 puntos).

- Por cursos de formación relacionados co posto de traballo a desempeñar impartidos por centros homologados e pola propia Administración Pública:

• De menos de 25 horas	0,10 puntos
• De 26 a 50 horas	0,20 puntos
• De 51 a 75 horas	0,30 puntos
• De 76 a 100	0,40 puntos
• De 101 a 150 horas	0,60 puntos
• De 151 horas en adelante	0,80 puntos

En caso de non constar a duración dos mesmos en horas, se non en días, se computarán a razón de 4 horas por día.

- Cursos de galego:

Por estar en posesión do título Celga II	0,20 puntos
Por estar en posesión do título Celga III	0,50 puntos.
Por estar en posesión do título Celga IV	0,60 puntos.
Por estar en posesión do título Celga V	0,70 puntos.

Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean considerados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma da puntuación obtida en cada fase.

O Tribunal de Selección determinará a lista provisional de aprobados e a orde provisional dos integrantes de cada posto, que será publicada no Taboleiro de Edictos, na páxina sede electrónica do Concello de Foz do Concello de Foz, e na sede electrónica do Concello de Foz a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días, que serán resoltas polo Tribunal.

OITAVO.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de 2 días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. Na devandita resolución, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 13



páxina sede electrónica do Concello de Foz municipal, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo máximo de cinco días hábiles para que polos interesados se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados até entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina sede electrónica do Concello de Foz do Concello de Foz. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indicaráse a data, lugar e hora de comezo do primeiro exercicio.

Ademais farase constar cos resultados de cada un dos exercicios, os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, expóranse nos locais onde se celebrou o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Foz,

NOVENO.- RELACIÓN DE APROBADOS, PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Foz a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.
- Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCJ.79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 13





- Informe médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

BOLSA DE EMPREGO COMPOSTA POLOS ASPIRANTES QUE SUPERARON O PROCESO SELECTIVO

O Tribunal de selección, realizada a proposta de aprobados, elaborará lista de emprego composta polos aspirantes que superasen as probas do proceso selectivo, ordenándose por orde de maior a menor puntuación.

Esta Bolsa de emprego non terá caducidade, co fin de poder realizar contratacións cada vez que sexa necesario para cubrir as necesidades urxentes e inaprazables do servizo.

Os chamamentos realizaranse por persoal municipal mediante calquera medio que permita constancia do mesmo.

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable de tratamento	Concello de Foz, Avda. Álvaro Cunqueiro, nº 24, CP 27780, en Foz (Lugo). endereço electrónico: secretaria_foz@concellodefoz.es ; teléfono: 982 140 027
Datos Delegado de Protección de Datos	Nome do Delegado de Protección de Datos: LHL Consultores (Laura Huerta Lejo) Endereço electrónico: dpd@lhlconsultores.com
Finalidade e prazos de conservación	Xestión e tramitación das convocatorias públicas de selección de persoal para os postos de traballo vacantes non Concello de Foz. Xestión das probas de selección e valoración de méritos achegados, publicidade e transparencia do proceso selectivo. Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que foron solicitados e para determinar posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e/o tratamento de datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivo e documentación no sector público. Os seus datos non serán empregados para elaborar decisións automatizadas.
Lexitimación do tratamento	A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha obriga legal regulada na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, no R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Destinatarios de los datos	Os seus datos persoais serán cedidos á Dirección Xeral da Función Pública, á administración pública con competencia na materia, ao Boletín Oficial do Estado, ao Diario Oficial de Galicia e ao Boletín Oficial da Provincia. Non está previsto realizar transferencias internacionais a terceiros países dos seus datos.
Dereitos das persoas interesadas	<u>Dereito de acceso</u> : pedir información os datos persoais que dispoñamos acerca de vostede. <u>Dereito de rectificación</u> : comunicar calquera cambio nos seus datos persoais. <u>Dereito de limitación ao tratamento</u> : nalgúns casos, solicitar a restrición do tratamento dos seus datos. Para máis información de como poder exercer os seus dereitos dirixase ao Rexistro de Entrada do Concello de Foz, situado na dirección arriba indicada, ou pode levar a cabo dita acción a través dos formularios que o Concello de Fo pon á súa disposición na sede electrónica do Concello: Sede Electrónica de Foz (sedelectronica.es) Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos na seguinte dirección electrónica: https://www.agpd.es/portalwebagpd/index-ides-idphp.php .

DECRETO

Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCI.79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 13





RECURSOS

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro e os pactos de aplicación ao Persoal Funcionario e Convenio Colectivo do Persoal do Concello, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

I. Anexo I Modelo solicitude

II. Anexo II Modelo declaración responsable.

Foz, a data de sinatura na marxe

O ALCALDE,
FRANCISCO CAJOTO CASERÍO

A TECNICA DE XESTION
CRISTINA BALSEIRO FERNANDEZ

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

D./D^a

con DNI núm.

, número de teléfono

domicilio a estes efectos en,

Dirección de correo electrónico:

EXPON:

Que está informado/a da convocatoria feita polo Concello de Foz para cubrir, como

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAETKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 13





persoal laboral de duración determinada, unha praza de:

Que coñece e acepta incondicionalmente as Bases da convocatoria e que cumpre os requisitos xerais e específicos sinalados nas mesmas e presenta ao efecto a seguinte documentación:

_Copia cotexada da titulación esixida.

_Copia cotexada do título de galego.

_Copia compulsada do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.

_Copia cotexada do carné de conducir, se procede

_Declaración responsable

_Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En Foz, a de 2026

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FOZ

ANEXO II MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a

con DNI núm. , número de teléfono ,

domicilio a estes efectos en,

Dirección de correo electrónico:

DECLARO baixo a miña responsabilidade, aos efectos de ser admitido/a no

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 13





proceso selectivo de:

Convocada polo Concello de Foz e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

En Foz, adede 2026.

O SOLICITANTE,

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FOZ

DECRETO
Número: 2026-0547 Data: 15/07/2026

Cod. Validación: QFKS96Y2CCAEKTEJNCL79EPWN
Corrección: <https://concellodefoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 13

